

R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES S.A.U **BASES DO SORTEO “CAMISETA O QUE PASA NAS LEIRAS”**

1.- ORGANIZADOR E OBXECTO DO SORTEO:

R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES S.A.U., (en adiante **R**), con domicilio social na Coruña, r/ Real nº 85, e con número de identificación fiscal A15474281, realizará un sorteo no que poderán participar os clientes de **R** que se inscriban para participar no sorteo de tres mil (3.000) camisetas “O QUE PASA NAS LEIRAS”.

2.- ÁMBITO TERRITORIAL E PERSOAL: O ámbito territorial do sorteo é Galicia. Participarán no sorteo directamente todas aquelas persoas maiores de 18 anos que sexan clientes de **R** e que, logo de rexistrárense para participar, cumpran, durante o período en que estea activa esta promoción e ata a entrega do premio, os requisitos indicados nestas bases.

3.- DURACIÓN: Poderase participar no sorteo dende as 09:00 horas do luns 13 de xullo ata as 23:59 horas do luns 21 de xullo de 2020. Por causas de forza maior, causa extraordinaria xustificada e razoable ou por imperativos legais, **R** poderá decidir en calquera momento a interrupción e/ou finalización anticipada deste sorteo.

4.- FORMA DE PARTICIPACIÓN E MECÁNICA DO SORTEO: Poderán participar todas aquelas persoas que sexan clientes de **R**, maiores de 18 anos, con residencia en España e que cumpran os seguintes requisitos:

1. Sexan clientes de **R** e se inscriban durante o período promocional no espazo web creado para o efecto e denominado www.oquepasanaleiras.mundo-r.com
2. Se atopen ao corrente de pago con **R** durante o período promocional e no momento da entrega do premio.
3. Non limiten o permiso a **R** para que esta use os datos de contacto para comunicacións comerciais no momento da participación, durante o período promocional e a data 23 de xullo de 2020.
4. Non poderán participar no presente sorteo os empregados de **R** nin das súas filiais, nin de empresas participadas por estas, nin colaboradores beneficiados dunha promoción especial ou que colaboren nesta promoción, nin familiares dos anteriores dentro do primeiro grao de parentesco.

Só se outorgará unha participación por cliente (NIF ou CIF).

5.- PREMIO DO SORTEO: Cada cliente agraciado recibirá como premio unha (1) das tres mil (3.000) camisetas “O QUE PASA NAS LEIRAS”.

6.- GAÑADORES DO SORTEO: Entre os clientes que participen no sorteo e cumpran os requisitos sinalados nas presentes bases para participaren, hanse designar 3.000 gañadores e 200 suplentes. O sorteo celebrarase o **xoves 23 de xullo de 2020 ás 10:30 horas**.

CATRO (4) traballadores do Grupo Euskaltel, un dende o propio domicilio social de **R** e o resto dende os seus propios domicilios (tendo en conta a situación de Teletraballo actual causada pola COVID-19), conectaranse a través da ferramenta corporativa Skype e procederán ao sorteo dos gañadores e os suplentes. Para iso contarán coa listaxe de

participantes nunha folia Excel e asignarán un valor entre 0 e 1 a cada un deles mediante unha función aleatoria. Despois, os participantes ordenaranse de maior a menor en función deste número aleatorio e os gañadores serán os 3.000 primeiros clientes, sendo os 200 seguintes os correspondentes aos suplentes. Así mesmo, levantarase acta da extracción realizada, incorporando a esta a listaxe de clientes participantes.

7.- ENTREGA DO PREMIO: A partir do 24 de xullo de 2020 contactarase coa gañadores vía correo electrónico para comunicarlles que resultaron gañadores do premio. Para obter a camiseta “O QUE PASA NAS LEIRAS” deben acceder á dirección web que se indica na comunicación e seleccionar a súa preferencia con relación á talla da camiseta (non se garante a dispoñibilidade da talla elixida), punto de venda **R**, data e horario de recollida do premio. Este será entregado, logo de comprobación do DNI/NIF do titular do cliente.

No caso de que o gañador non puidese gozar do premio ou non o recollese no prazo máximo de 7 días, contactarase co primeiro dos 200 suplentes; se este non pode desfrutar do premio ou non o acepta, contactarase co segundo suplente. E así sucesivamente.

En ningún caso poderá prorrogarse o premio nin substituírse o premio polo seu valor económico nin se lle poderá ceder a outra persoa distinta do gañador. Tampouco será acumulable a outras promocións ou ofertas en vigor.

R resérvase o dereito de que o premio quede deserto, no caso de que nin os participantes agraciados nin ningún dos suplentes cumpran os requisitos citados nestas bases.

8.- CARÁCTER GRATUÍTO DO SORTEO: O sorteo é gratuítO e non implica en si mesmo pago adicional ningún pola obtención dos premios. Os custos das chamadas, mensaxes telefónicas, correo electrónico, faxes ou calquera outra comunicación que deban realizar os participantes que e que se detallan no apartado “mecánica do sorteo” correrán da súa conta.

9.- CONDICIÓN S E RESERVAS: A comunicación dos datos persoais por parte dos gañadores é un requisito obrigatorio para que estes poidan recibir o premio obtido como participantes lexitimamente admitidos no sorteo. De resultar agraciada algunha persoa que non cumpra estes requisitos, a súa participación resultará automaticamente excluída.

R descartará aquelas participacións que sexan abusivas ou fraudulentas e non se fai responsable da veracidade dos datos facilitados polos participantes. Este sorteo organízase coa pretensión de incentivar e fomentar a participación de todos os consumidores, premiando a fidelidade en condicións de igualdade e con estrito respecto ao principio xeral da boa fe. Por ese motivo, **R** excluírá automática e inmediatamente da mesma a calquera participante que transgrida as normas da boa fe, observe unha conduta fraudulenta ou inadecuada, empregue medios capciosos ou incumpra estas bases en calquera dos seus extremos. Para o caso de que as irregularidades ou condutas descritas anteriormente se detecten con posterioridade á entrega efectiva dalgún dos premios, **R** resérvase o dereito de exercitar as accións legais pertinentes contra o seu autor ou responsable; entre outras, as conducentes á devolución dos premios.

O premio do sorteo-promoción non se poderá substituír por outro a pedimento do gañador, nin poderán ser trocados polo seu valor en metálico. **R** resérvase o dereito a anular, suspender ou modificar o sorteo, se por causas técnicas ou de calquera outra

índole allea á vontade da mesma, esta non puidese cumprir co normal desenvolvemento do sorteo, segundo o estipulado nas presentes bases.

No non previsto nestas bases, que se interpretarán en conxunto, rexerá a normativa legal dispositiva que for de aplicación, integrándose os baleiros ou dúbidas conforme á boa fe, usos comerciais e técnicos que resulten adecuados, e principios xerais do Dereito.

10.- TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS: R é o responsable do tratamento dos datos persoais que nos facilites e trataraos para a xestión da túa participación no sorteo, en base á relación contractual. Non cederemos os teus datos persoais a ningún terceiro, salvo que exista unha obrigaón legal ou porque así nolo consintas. E só os compartiremos cos nosos provedores que deban ter acceso para prestarnos un servizo. Tes, entre outros, dereito a acceder, rectificar e suprimir os teus datos, como se explica na información adicional da [política de privacidade](#) de Clientes que tes accesible na nosa web.

O participante poderá revogar este consentimento en calquera momento mediante escrito dirixido a R, achegando fotocopia do DNI, enviado ao apartado de correos 2096, 15080, ou mediante un correo electrónico a r-al-habla@mundo-r.net

O usuario consente expresamente, no caso de resultar gañador, a comunicación dos seus datos, xa sexa isto necesario para desfrutar do premio, ou xa sexa con fins publicitarios naqueles medios nos que estea publicada a campaña “CAMISETA O QUE PASA NAS LEIRAS”, indicando a modo enunciativo e non limitativo, redes sociais, o blog de R e a páxina web de R (www.mundo-r.com).

11.- ACEPTACIÓN DAS BASES: O só feito de se inscribiren para participar tras recibir o correo electrónico, supón que os participantes aceptan integramente estas bases, asumindo igualmente o criterio de R canto á resolución de calquera cuestión derivada do desenvolvemento do sorteo “CAMISETA O QUE PASA NAS LEIRAS”.

A non aceptación das bases implica a exclusión do usuario da participación no sorteo. R resérvase o dereito a efectuar calquera cambio, aclaración ou rectificación nas Bases deste sorteo, así como a suspendela ou a ampliala no momento en que o considere oportuno.

12.- LITIXIOS: O presente sorteo réxese e somete na súa totalidade á lexislación española. Para resolver calquera controversia ou reclamación derivada do cumprimento, incumprimento ou interpretación do presente contrato, poderá acudirse aos tribunais españois, concretamente as partes, con renuncia expresa a calquera outro Foro que puidese corresponderlles, sométense á xurisdición dos Xulgados e Tribunais da Coruña. Exclúese expresamente o sometemento ao Sistema Arbitral de Consumo para resolver calquera cuestión derivada do presente contrato.